

[URXENCIAS · EMERXENCIA]

- Emerxencias – **112**
- Policía Nacional – **091**
- Policía Local – **092**
- Urxencias Sanitarias – **061**

[SERVIZOS DE INFORMACIÓN XERAL E ATENCIÓN ESPECIALIZADA]

- Atención a Todas as Formas de Violencia contra as Mulleres **(24h)**
– **016 / 600 000 016** (WhatsApp) /
016-online@igualdad.gob.es / Chat Online 016
- Teléfono de Información e Atención Integral en Materia de Dereitos LGTBI e Delitos de Odio por LGTBfobia **(24h)**
– **028** (Servizo Arcoíris) / **028-online@igualdad.gob.es** /
Chat Online 028
- Teléfono da Muller en Galicia **(24h)**
– **900 400 273**
- Centro de Información ás Mulleres do Concello de Santiago de Compostela (CIM)
– **981 542 465**
- Oficina de Asistencia á Vítima e Atención á Cidadanía (Xulgado)
– **981 540 358**

RECURSOS E SERVIZOS DE ATENCIÓN ESPECIALIZADOS VIOLENCIAS SEXUAIS E LGTBIFÓBICAS



TROULA
SEGURA

QUE SON AS **VIOLENCIAS SEXUAIS?**

Calquera acto que atente contra a liberdade sexual dunha persoa sen o seu consentimento.

EN ESPAZOS DE OCIO NOCTURNO...

QUE **FORMAS** DE VIOLENCIA SEXUAL PODEMOS DETECTAR?

- Miradas lascivas e xestos obscenos.
- Comentarios machistas sobre a aparencia física ou o corpo.
- Insistencia ante a negativa.
- Invasión do espazo persoal, persecucións e acurrallamentos.
- Achegamentos excesivos e tocamientos non desexados.
- Fotos e gravacións de natureza sexual non desexadas.
- Exhibición obscena.
- Obrigar, coaccionar ou intimidar para realizar calquera práctica sexual.

E QUE É A **SUBMISIÓN QUÍMICA?**

É un tipo de agresión sexual mediante o uso de substancias ou psicofármacos que anulan a vontade da persoa agredida. **Pode ser...**

...**PROACTIVA**, cando a persoa agresora intoxica a persoa vítima de forma premeditada.

...**OPORTUNISTA**, cando a persoa agresora aproveita a diminución da capacidade de reacción da persoa vítima por un consumo voluntario.

En ambos os casos, a persoa vítima atópase nunha situación de incapacidade para expresar un consentimento válido, posto que **a súa vontade foi anulada**.

QUE SON AS **VIOLENCIAS LGTBIFÓBICAS?**

Calquera actitude, conducta ou discurso de rexeitamento, repudio, prexuízo, discriminación, odio ou intolerancia cara as persoas LGTBQA+ polo feito de selo, ou ser percibidas como tales.

QUE **FORMAS** DE VIOLENCIA LGTBIFÓBICA PODEMOS DETECTAR?

- Menosprezo e negación da identidade da persoa.
- Termos despectivos, insultos ou burlas LGTBifóbicas.
- Comentarios ofensivos sobre a aparencia física ou o corpo.
- Persecucións e acurrallamentos, co fin de xerar unha contorna hostil e intimidatoria.
- Exhibición de símbolos ou imaxes que inciten ao odio e á violencia.
- Agresións físicas (sacudidas, empurróns, golpes etc.).

COMO ACTUAR **SE SOFRES** UNHA SITUACIÓN DE VIOLENCIA SEXUAL E/OU LGTBIFÓBICA?

- ▶ **Protéxete**, busca un lugar seguro e contacta cunha persoa de confianza para que te apoie.
- ▶ Se temes pola túa seguridade e/ou integridade física, **chama ao 112**.
- ▶ Para **conservar posibles probas que identifiquen a persoa agresora**, non te laves, non comas nin bebas, e non mudes de roupa.
- ▶ Acude aos **servizos de urxencias sanitarias** ou chama ao **061**, se o precisas.
- ▶ **A decisión de denunciar é túa**. Toma o tempo que precisas e non dubides en solicitar atención psicolóxica e asesoramento xurídico.

COMO ACTUAR **SE PRESENCIAS** UNHA SITUACIÓN DE VIOLENCIA SEXUAL E/OU LGTBIFÓBICA?

- ▶ **Garante a túa seguridade e a da persoa vítima**. Lembra que unha actuación grupal sempre é máis segura e efectiva. Pide axuda!
- ▶ **Atende e acompaña a persoa vítima**. Procura o seu benestar físico e emocional, sen xulgar nin preguntar sobre o acontecido, e transmíttelle calma. Non a deixes soa!
- ▶ **Interésate polas súas necesidades**, respectando a súa capacidade de decisión e os seus ritmos. Fállle saber que estás aí e que pode contar contigo!
- ▶ Se é preciso, **chama ao 112** e solicita presenza policial e/ou sanitaria.
- ▶ **Ofrécete a colaborar co teu testemuño**. O teu relato dos feitos é moi valioso!